

# Páxinas Informativas do Museo do Pobo Galego



Museo do Pobo Galego • San Domingos de Bonaval • 15703 Santiago de Compostela  
tel. 981 583 620 • fax 981 554 840 • www.museodopobo.es • correo electrónico: info@museodopobo.com

Dirección: Carlos García Martínez ■ Subdirectora: María-Xosé Fernández Cerviño

Redacción: David Conde Lourido, Ana Estévez Lavandeira, Rosa Méndez García, Belén Sáenz-Chas Díaz

Administración: Xulia Vázquez Randulfe

xuño 3/2011

## Prezadas socias e socios:

Queremos, antes de nada, agradecer a resposta das persoas nas que atopou eco o chamamento que encabezaba as *Páxinas* de xaneiro, e renovar a petición ao conxunto dos membros da asociación para que acheguen o seu esforzo na procura de novos medios de financiamento que complementen a redución das axudas públicas, que compromete a normal continuidade da acción do Museo.

Neste último mes rexistrouse un incremento apreciable nas altas de novos socios.

Por outra parte, dentro da política de estrita contención do gasto, insistimos en que todas aquelas persoas que queiran recibir puntualmente estas *Páxinas*, así como as comunicacións e invitacións ás actividades que se organicen, faciliten á administración do Museo o seu enderezo electrónico.

*A Xunta Reitora e a Dirección do Museo*

## Asemblea dos Socios do Museo

O 7 de maio celebrouse a asemblea anual de Socios do Museo. Na renovación dos representantes no Padroado resultaron elixidos María Abelleira Fontán, María Isabel Iglesias Baldonado, Estafanía Lodeiro Paz, Xaquín Penas Patiño e Eduardo Otero Iglesias. Este último foi elixido como representante dos socios na Xunta Reitora.

Á vista da información económica para o presente exercicio, a previsión dun déficit importante aínda contando co cobro da entrada levou a que os representantes do Padroado invitasen aos socios a redobren os esforzos para conseguir novos socios e socios protectores.

Nesta mesma orde, a asemblea acordou actualizar a cota mínima anual de socio ordinario a 30 € e a de socio institucional a 150 €. A cota de socio xuvenil mantense invariable en 11 €.



Xosé García-Santamarina vota na elección de representantes dos socios.  
Na mesa, J. Beramendi, F. Acuña, C. García Martínez e F. Sanjiao

Recolleron persoalmente a insignia de prata polos 25 anos como socios da institución **Santiago García**

**Mosquera, Roberto Pena Puentes, Rafael Randulfe Vieites e Xulia Vázquez Randulfe.**



Inauguración da exposición *Entre amigos*. De esquerda a dereita Manuel Vilar, Fernando Acuña e Tino Viz.

Ao rematar a asemblea tivo lugar a inauguración da sexta exposición **Entre amigos**. Nesta convocatoria a mostra conta con 14 participantes que presentan 16 series –máis de 140 fotografías–, cunha ampla variedade temática. Comeza a exposición coa intervención do home na natureza, a través das series *Os vixías*, de Lois Gutiérrez Faílde, e *Marcos divisorios de grandes extensións*, de Hixinio Flores.

O mundo mariñeiro ten nesta edición unha nutrida representación: *Subindo motores*, de Xesús García Devesa; *Mulleres do século XXI*, de Rosa García-Orellán; *Na seca (Prohibido mariscar)*, de Fuco Sanjiao; e dúas series de Lino Lema, *O porto de Quilmas* e *Mudan os tempos, mudan as vontades*.

A Galicia agrícola está presente en *O emprego polo home da súa propia*

*imaxe para producir espanto*, de Hixinio Flores, e *A seitura en Manzaneda*, de Xoán Ramón Marín.

Ao mundo relixioso-festivo achégannos tres series: *Xende: o Santo Cristo da Agonía*, de David Conde; *O carballo santo de San Fins de Cambeda*, de Manuel Vilar; e *Tempo de flores, tempo de amores*, de Clodio González.

O ámbito urbano tamén está presente en *Memoria da vida urbana*, de José María Laredo; *Enrasadas*, de Xoán Xosé Molina, e *A carón*, de Manuel Calviño.

Pecha a exposición *A nena que xoga cunha botella de plástico*, imaxes da viaxe de Nieves Herrero a Nixer.

Este ano, acompañando as fotografías, ábrese unha nova sección de debuxo etnográfico en lembranza de Xosé Pena Sanz, que foi debuxante do Museo. Nela, xunto aos debuxos de Pepe Pena, recóllense os realizados por María Caamaño Roig, José M. Laredo Verdejo e Xoán Ramón Marín Martínez.

## Asemblea do Padroado do Museo

O Padroado do Museo reuniuse en asemblea ordinaria o día 28 de maio.

Logo da toma de posesión do Consello da Cultura Galega como novo patrón institucional, fixérono os representantes electos dos socios, amentados máis arriba.

A seguir, procedeuse a tratar os asuntos ordinarios, coa presentación do informe de xestión da Xunta Reitora, a liquidación dos orzamentos do exercicio 2010 e a memoria de actividades dos cinco primeiros meses do ano en curso.

Chegado o momento de renovar os cargos directivos, **Justo Beramendi**

González foi elixido como novo presidente do Padroado. As vicepresidencias seguen correspondendo a Luciano García Alén, Fernando Acuña Castroviejo, o conselleiro de Cultura e Turismo e o alcalde de Santiago de Compostela.

En canto á Xunta Reitora, sucede a Beramendi na presidencia Francisco Fariña Busto, e foron reelixidos Lino Lema Bouzas como tesoureiro, e o Concello de Santiago de Compostela e Clodio González Pérez nas respectivas vogalías.

Os novos responsables electos reafirmáronse na necesaria fidelidade ao espírito fundacional establecido

cando se creou o Padroado, hai agora trinta e cinco anos.

De acordo co previsto no art. 25 dos Estatutos, a asemblea acordou nomear como socio protector do Museo a Eduardo Beiras García-Martí, en recoñecemento polo apoio constante que nos últimos anos vén prestando á institución, nomeadamente contribuíndo ao sostemento dos servizos de biblioteca e arquivo.

Así mesmo, os patróns Xosé Fuentes Alende e o Seminario de Estudos Galegos recibiron a insignia de prata do Museo polos 25 anos de pertenza á institución.

## ACTIVIDADES DO MUSEO

### EXPOSICIÓNS

#### ■ *Os adeuses*

Organizan: Consello da Cultura Galega e Secretaría Xeral de Medios

Ata o 26 de xuño, o Museo presenta a exposición ***Os adeuses. Fotografías de Alberto Martí***. Na inauguración, que tivo lugar xoves 26 de maio, Alberto Martí (A Coruña, 1922) estivo acompañado polo subdirector xeral do Retorno e da Inmigración, Antonio Aguarón, o director xeral de Medios, Alfonso Cabaleiro, o presidente do Consello da Cultura Galega, Ramón Villares, e o vicepresidente do Museo, Fernando Acuña.

A mostra, organizada polo Consello da Cultura Galega e o Centro Galego de Artes da Imaxe, componse de 73 fotos en branco e negro que reflicten o éxodo galego cara a América entre os anos 1957 e 1963. As imaxes, captadas nos portos da Coruña e Vigo, contan unha historia tecida en torno ao que significou a emigración para miles de galegos, a ida e o retorno, a tristura, a traxedia, e tamén a ledicia e a tenrura.

#### ■ *Patrimonio natural*

Organizan: Grupo de Cidades Patrimonio da Humanidade de España  
Realización: Alvarellos Editora

Do 8 ao 26 de xuño a Concellería de Medio ambiente de Santiago de Compostela presenta no Museo a exposición ***Patrimonio natural***, na que o Grupo de Cidades Patrimonio da Humanidade de España, a través da súa Comisión de Medio Ambiente,



Inauguración da exposición *Os adeuses*. De esquerda a dereita, Alfonso Cabaleiro, Alberto Martí, Fernando Acuña, Ramón Villares e Antonio Aguarón.

Exposición fotográfica itinerante  
A traveling photography exhibition

natural heritage  
**patrimonio natural**  
CIDADES PATRIMONIO DE LA HUMANIDAD DE ESPAÑA  
Alcalá de Henares | Avila | Cáceres | Córdoba | Cuenca | Salamanca | Segovia | Toledo | Zamora  
San Cristóbal de La Laguna | San Sebastián de los Reyes | Segovia | Salamanca | Toledo

Santiago de Compostela  
Do 8 ao 26 de xuño de 2011  
Horario: martes a sábado de 10 a 14h e de 15 a 20h; domingos de 11 a 14h  
Museo do Pobo Galego - Convento de San Domingos de Bonaval  
Colabora: Museo do Pobo Galego

propón un percorrido inédito que busca dar a coñecer e potenciar os valores naturais das trece cidades que integran o Grupo. A mostra descobre a paisaxe oculta de cada unha delas: o contorno natural que hai máis alá dos monumentos e da arte,

a flora e a fauna, os parques, os xardíns, as hortas, os patios, os ríos ou o litoral.

#### ■ *As vangardas artísticas na biblioteca Baltar*

30 xuño-17 xullo

A Biblioteca Baltar ingresou no Museo do Pobo Galego en maio de 2009. Este extraordinario legado familiar iniciouse a finais do século XVIII e foi medrando con achegas das sucesivas xeracións ata o falecemento do seu último depositario, o Dr. Ramón Baltar. Este rico fondo atesoura unha excepcional colección de libros de arte, obxectos de arte eles mesmos, entre os que se atopa unha ampla representación das vangardas artísticas e literarias do século XX. A mostra presenta, por primeira vez, unha selección dos volumes máis valiosos.


## VI MOSTRA DE CINEMA ETNOGRÁFICO

7-15 xuño 2011

Patrocina: Concello de Santiago.  
Concellaría de Cultura

Por sexto ano consecutivo, o Museo do Pobo Galego celebra a **Mostra de Cinema Etnográfico**. A relación do MPG co cine non é algo novo. Desde os alicerces do Museo, o cine ten sido un compañeiro inescusable tendo en conta que o primeiro presidente do noso Padroado foi Xoaquín Lorenzo, guionista e artífice xunto co director Antonio Román de *O Carro e o Home*, unha das películas fundacionais da cinematografía galega.

Seguindo o seu ronsel, e a partir dun proxecto do Departamento de Educación e Acción Cultural, o Museo buscou a colaboración de quen, coma nós, traballa e se interesa no coñecemento de tradicións, costumes, xeitos de vivir e pensar pero, neste caso, representadas desde o sector do audiovisual. Xorde así a colaboración coa comarca oscense de Sobrarbe, onde se está a levar a cabo con moito éxito a Muestra de Cine Documental Etnográfico *Espiello*. Así, os documentais premiados en cada edición de *Espiello* forman unha das seccións que conforma a nosa Mostra de Cinema Etnográfico. A outra, chamada Carlos Velo, conta cunha selección do propio Museo entre filmes realizados nos dous últimos anos e nos que se prima a presenza galega.



Alén disto, contamos tamén cun apartado para o cinema histórico, dedicado nesta edición a **José Val del Omar** (Granada 1904-Madrid 1982). Creador cun talento artístico e tecnolóxico extraordinario, contemporáneo de Lorca, Cernuda, Renau, Zambrano, e colaborador activo das Misións Pedagóxicas, fixo miles de fotografías e rodou varios documentais. A súa obra e a súa actividade investigadora –en contra da incompreensión e o esquecemento– fan de Val del Omar unha figura única da historia do cine e das vangardas españolas.

As tres curtametraxes do *Tríptico Elemental de España* están rodadas entre

1953 e mediados dos sesenta. Trátase dun proxecto sen precedentes na historia do cine do estado español. Realizadas nun contexto tan pouco propicio para o cine experimental como foi o franquismo as tres curtas que conforman o *Tríptico*, *Aguaespejo granadino*, *Fuego en Castilla* e *Acariño Galaico*. *De barro*, estrutúranse ao redor de tres elementos metafóricos –auga, lume e barro– nun ensaio fílmico sobre o tempo no que explora os límites do discurso audiovisual a través de instrumentos e recursos técnicos inventados por el mesmo.

Pódese ver o programa completo en <http://www.museodopobo.es/uploads/pdf/DOSSIER%202011%20pdf%5B1%5D2.pdf>

## NOTICIAS CON NOME PROPIO

O patrón **Xosé Antonio Gómez Segade**, profesor da Universidade de Santiago de Compostela, foi nomeado vocal permanente da Comisión Xeral de Codificación do ministerio de Xustiza.

O patrón **Francisco Puy Muñoz**, profesor emérito da Universidade de Santiago de Compostela, foi investido doutor *honoris causa* pola Universidade Sagrado Coração de Bauru (Brasil) en recoñecemento polos seus méritos e a súa extraordinaria contribución á Filosofía do Dereito e á investigación científica.

O patrón **Francisco Calo Lourido** foi distinguido co XXVI Premio Antón Losada Diéguez, na modalidade de investigación e ensaio, polo seu libro *Os Celtas. Unha (re)visión dende Galicia*. O xurado

aprezou na obra premiada “o rigor documental da mesma, as diferentes fontes de aproximación ao problema histórico dos celtas e do celtismo, así como o seu reflexo en Galicia, nun debate aberto que tivo a súa importancia na configuración da identidade mítica dos galegos”.

O socio **Alfonso Álvarez Gándara**, decano do Colexio de Avogados de Vigo, recibiu a Cruz Distinguida de 1ª Clase da Orde de San Raimundo de Peñafort e a Gran Cruz ao Mérito no Servizo da Avogacía, en recoñecemento pola súa longa e destacada dedicación á profesión.

Facemos constar os nosos cordiais parabéns a todos eles.